

## **CORRECCIÓN ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

Habéndose producido un erro na identificación nun dos licitadores, concretamente sinalouse DONA INÉS FERNÁNDEZ NEIRA, cando en realidade a empresa licitadora é FORXÁN CAFETERÍA, S.L., sendo a citada persoa a súa representante, procedese a corrección do mesmo quedando redactada a acta como segue:

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Á PISCINA MUNICIPAL CUBERTA “AS PEDREIRAS”. EXPEDIENTE 5-2017. APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS.**

Sendo as 13:30 horas do día 20 de abril de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vogais:

- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Carmen Flores Pardo, Xefa do Servizo de Medio Ambiente, en funcións de Vicesecretaria.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- Don José Luis García Núñez, Auxiliar Administrativo da Sección de Patrimonio.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese a informar que as ofertas presentadas teñen correcta a súa documentación administrativa, polo que procede a apertura dos sobres B) correspondentes ás ofertas económicas, iniciándose de seguido e sendo o seu resultado o seguinte:

- DON JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ PÉREZ, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 1.207,51 €
- FORXÁN CAFETERÍA, S.L., oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 1.210 €.

Á vista do anterior, os membros da Mesa, á vista do disposto na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, na que se regulan os criterios de avaliación, propoñen a adjudicación do procedemento de referencia, á empresa FORXÁN CAFETERÍA, S.L., na cantidade de 1.210 euros mensuais e demais condicións incluídas na súa oferta.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

XMCR/jlgn

Refº: CORRECCION ACTA MESA CONTRATACION OFERTAS ECONOMICAS


Asunto:

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Ana Tamarés Martínez



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei